

Plan de Formación Continuada

2020-2025



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

Introdución

A realidade actual da asistencia sanitaria vén condicionada por unha maior demanda de información sustentada nos máis altos graos de evidencia científica, así como un avance significativo na investigación de cuidados que proporcionen resultados na saúde da cidadanía cos máis altos estándares de calidade e eficiencia.

As Enfermeiras para o exercicio da súa profesión deben ter os coñecementos e as habilidades científicas que a *Lex Artis* lles esixe en cada momento. Isto deriva nunha necesidade permanente de posta ao día, que se leva a cabo a través da formación continuada e o desenvolvemento do conxunto de coñecementos sobre os cales sustenta o seu exercicio profesional.

Para cometer tal fin, un dos obxectivos fundacionais da **Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria** é a organización e posta en marcha de actividades formativas, que permitan ao conxunto dos asociados actualiza-los seus coñecementos e habilidades no ámbito familiar e comunitario da Atención Primaria de Saúde.

Antecedentes

AGEFEC dende a súa fundación, fiel a un dos seus obxectivos de facilitar a formación continuada ás enfermeiras de Atención Primaria tentou manter unha oferta formativa de interese para os socios. Esta formación centralizouse principalmente nas diferentes xornadas científicas, sempre condicionada a planificación anual ou bianual das diferentes Xuntas Directivas.

Nos últimos anos a teleformación ou formación on line non presencial foi gañando cada vez máis peso en detrimento da presencial, xa que permite ao alumno maior conciliación, evita desprazamentos, facilita a organización e posibilita chegar a profesionais en zonas máis distantes dos principais núcleos sanitarios (ciudades). A experiencia da organización de actividades formativas presenciais que non requirían a posta en marcha de habilidades prácticas levou consigo a cancelación das mesmas, o que fai concluír que na situación actual, todo o que non sexa a actualización de habilidades prácticas debe ser impartido na modalidade de teleformación.

Ata este momento, a teleformación foi realizada por empresas de formación externa, polo que a oferta formativa non sempre se adaptou a demanda e necesidades dos asociados da **AGEFEC**, xa que se trata dun contexto moi especializado na Atención Primaria galega e no que é necesario proporcionar formación ensinando ao alumnado a sacar un maior rendemento dos recursos habituais en Galicia.

A experiencia acumulada na formación en Galicia das Enfermeiras Internas Residentes da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria, expuxo a necesidade de dispoñer dun repositorio de documentación sobre os diversos campos e áreas da especialidade para facilitar o acceso tanto aos especialistas en formación como aqueles que xa están exercendo a especialidade na Atención Primaria de Saúde. Para acadar este ambicioso obxectivo, é necesario que **AGEFEC** como Sociedade Científica xere contidos a través da investigación, principalmente a través da revisión bibliográfica. As actividades de Formación Continuada, con criterios de calidade preestablecidos constitúen un instrumento útil para conformar un amplo repositorio da nosa Sociedade Científica.

Con este Plan de Formación Continuada para o período 2020-2025, pretendemos incentivar a produción propia de formación continuada e a vez sentar as bases dun futuro repositorio que conteña coñecementos e información actualizada dos diferentes campos e áreas da nosa especialidade.

O Plan de Formación Continuada é un reto ambicioso, a través do cal **AGEFEC** pode medrar como Sociedade Científica e a Especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria pode adquirir un impulso importante que vai redundar moi positivamente nos cuidados que proporcionan as Enfermeiras da Atención Primaria galega.

Álvaro Carrera García
Presidente da Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria



Contidos

Antecedentes	2
Obxectivos.....	5
Principal.....	5
Secundarios	5
Desenvolvemento	5
Fase 1	5
Fase 2	5
Posta en marcha.....	5
Cronograma de desenvolvemento fase 1.....	5
Organización	6
Persoal da organización	9
Réxime retributivo	9
Retribucións anos 2020-2021	10
Comité de Formación Continuada	10
Protección de datos	10
Documentación	10
Vixencia	10

Obxectivos

Principal

Proporcionar actualización dos coñecementos aos asociados no ámbito da Enfermaría Familiar e Comunitaria.

Secundarios

1. Superar as barreiras xeográficas e de conciliación. *(A tal fin desenvolverase principalmente a través de teleformación)*
2. Incentivar a actividade científica da Asociación.
3. Incentivar a participación dos asociados na actividade e vida da Asociación.
4. Estimular a actividade docente dos asociados.
5. Crear contidos docentes propios que sexan de utilidade aos asociados.
6. Reforzar a formación sanitaria especializada dos residentes de enfermaría familiar e comunitaria a través da creación dun repositorio de contidos.

Desenvolvemento

Fase 1

Elaboración, acreditación e posta en marcha de Cursos de Formación Continuada a través de teleformación.

Fase 2

Posta en marcha do repositorio de contidos de formación continuada da AGEFEC a disposición dos Asociados da AGEFEC unha vez amortizada a elaboración dos contidos.

Posta en marcha


Cronograma de desenvolvemento fase 1

	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Elaboración de contidos						
Acreditación						
Realización do curso						
Apertura de contidos aos socios (fase 2)						
Táboa 1. Cronograma de desenvolvemento.						



Organización

Para a posta en marcha deste plan, seguirase o procedemento habitual de xestión da formación organizada pola AGEFEC, coa variante de que se creará un comité de Formación Continuada (FC) que será designado pola Xunta Directiva.





A organización do curso desenvólvese a través de dez etapas:

1. Envío da proposta segundo o modelo a Secretaría Técnica (secretariatecnica@agefec.org). A proposta poderá ser presentada por calquera profesional das Ciencias da Saúde. O réxime deste plan é de aplicación exclusiva a Socios/as da AGEFEC. No caso de que o Promotor da actividade formativa e algún colaborador docente non o sexa, tamén se aplicará o presente réxime. No caso de que o Promotor da actividade formativa non sexa socio, AGEFEC resérvase o dereito a negociar un réxime alternativo ou propoñer ao Promotor que se asocie.
2. Notificación ao Comité de Formación Continuada: A Secretaría Técnica remite aos membros do Comité de FC a documentación. O Presidente ou Coordinador do Comité convoca aos membros para a avaliación (dito proceso resolverase mediante o sistema de traballo que instaure o propio Comité)
3. Resolución do Comité de FC:
 - a. Acepta a proposta de xeito definitivo: pasa a etapa 4.
 - b. Rexeita a proposta: Notificación motivada ao promotor do curso das causas de rexeitamento.
 - c. Propón modificacións ou melloras: notificación motivada ao promotor do curso coas modificacións solicitadas. Ata a resolución de ditas modificacións, recepción e ditame do comité, a proposta atoparase na etapa 3.
4. Aceptación do Comité de FC: o responsable do comité remite a documentación a Secretaría Técnica e a Xunta Directiva, coas condicións de celebración (datas, número de alumnos, categorías acreditadas, etc.). Confirmación mediante sinatura do contrato de colaboración polo titular da Presidencia ou responsable delegado da Xunta Directiva en materia de Formación Continuada.
5. A Secretaría Técnica presenta a solicitude de acreditación ao Sistema Acreditador da Formación Continuada de Galicia (SAGa) No caso de que esta solicite aclaracións ou emendas, o proxecto atoparase na etapa 5. Ditas solicitudes serán tratadas co promotor a través do Comité de FC.
6. Resolución definitiva da SAGA: Secretaría Técnica informa ao Comité de FC e a Xunta Directiva. O responsable encargado do Comité informa ao promotor.
7. Organización do curso:
 - a. Notificación ao responsable de comunicación para divulgación.
 - b. Coordinación co responsable da aula virtual para a carga de contidos.
 - c. Secretaría Técnica notifica ao Promotor e o responsable da aula virtual as matrículas aceptadas.
8. Execución do curso.
9. Finalización do curso:
 - a. Avaliación dos alumnos.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

- b. Expedición dos diplomas asinados electronicamente pola Secretaría Técnica (a emisión de títulos en formato papel enviados ao domicilio serán cobrados a parte).
 - c. Emisión de informe de avaliación da actividade formativa ao Comité de FC e á Xunta Directiva.
10. Avaliación da actividade formativa e o proceso mediante o cal se organizou.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

Persoal da organización

- Persoal da Secretaría Técnica AGEFEC.
- Membros do Comité de Formación Continuada e membros delegados da Xunta Directiva.
- Promotor principal actividade formativa: Será o principal responsable ante a AGEFEC.
- Colaborador docente da actividade formativa: deberá ser presentado na documentación na etapa 1. Despois da etapa 4 non poderá ser incluído ningún novo colaborador docente. O réxime económico de reparto do pago efectuado pola AGEFEC deberá ser presentado conforme ao modelo de declaración. A efectos da AGEFEC a presenza de varios docentes (incluído o promotor) terá a consideración dun único.
- Responsable aula virtual:
 - Será o encargado de dar soporte, cargar os contidos, exames e habilitar as altas dos alumnos na plataforma. A tal fin percibirá unha retribución.
 - O responsable da aula virtual a efectos do curso pode ser un socio encargado para ese curso en exclusiva.
 - No caso de contratación de servizos privados especializados, o réxime económico terá en conta dita realidade.
 - Para a cobertura de Responsable da Aula Virtual para a xestión das actividades formativas na modalidade de teleformación, establecerase unha convocatoria aberta ao conxunto de asociados da AGEFEC.

Réxime retributivo

Serán indemnizados mediante dietas de colaboración o Promotor principal da actividade, colaboradores docentes (se os houbera) e o responsable da aula virtual nas funcións de organización e execución do curso que comprenden as etapas 7, 8 e 9. Os membros do Comité de FC seguirán as disposicións fixadas para a Xunta Directiva en materia de percepción de dietas. A súa dedicación será gratuíta.

Retribucións anos 2020-2021

Para máis información, consulta coa Secretaría Técnica en secretariatecnica@agefec.org

Comité de Formación Continuada

Estará composto por varios asociados da AGEFEC designados pola Xunta Directiva. O proceso de selección rexeráse polos principios de voluntariedade, publicidade, igualdade, mérito, capacidade e experiencia en formación continuada. Para a cobertura das vacantes levarase a cabo unha convocatoria aberta ao conxunto da Asociación.

A Presidencia recaerá no membro delegado da Xunta Directiva que esta designe.

O funcionamento do comité será colexiado.

Protección de datos

O persoal da organización descrito anteriormente, para poder participar no plan de formación continuada deberá asinar o correspondente contrato de confidencialidade e respectar a normativa legal vixente en materia de protección de datos así como os mecanismos e normas que dite **AGEFEC**.

Documentación

A documentación necesaria para a presentación de propostas estará dispoñible na web da AGEFEC.

Vixencia

O presente plan foi aprobado pola Xunta Directiva o día 20 de Xuño do 2020 e ten unha vixencia de 5 anos prorrogables.

A actualización de prezos será de carácter anual coas novas propostas achegadas.

Dito plan poderá ser actualizado pola Xunta Directiva cando esta o estime pertinente e necesario.